



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 2 de xullo de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3025

Categoría: Profesor/a Axudante Doutor/a

Área de coñecemento: Urbanística e Ordenación do Territorio

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: ETS de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/3025, as reclamacións presentada por Dona Cristina Botana Iglesias e por Don Antonio García Fernández e o informe emitido pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións,

ACORDA

_solicitar da Comisión de selección a puntuación desagregada e motivada de cada un dos méritos contra cuxa valoración alegan as persoas reclamantes, de maneira singular a concedida a cada unha das publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro) presentadas por ambos

_solicitar á Comisión de selección que indique cales foron as puntuacións iniciais e cales as rectificadas nos méritos reclamados e revisados como consecuencia da aplicación do acordo da Comisión de reclamacións do día 20 de xuño de 2025

_facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández